



NeoFem

LuisSeoane

Estimado/as compañeir@s

O noso grupo NeoFem LuisSeoane é un grupo de traballo e acción en promoción da igualdade organizado no IES Luis Seoane, a raíz dunha proposta do Consello da Muller na nosa cidade. Traballamos en diferentes proxectos de promoción de igualdade dende o noso centro, máis a nosa vocación sempre é chegar ao noso entorno directo e contribuir a unha concienciación activa na nosa contorna, na defensa da igualdade e na loita contra a violencia machista.

Este inicio de curso o alumnado de NeoFem 2017-18 tivemos a sorte de asistir a unha ponencia da activista Amelia Tiganus. Os 14 alumnos e alumnas asistentes a esta conferencia, xunto a nosa mestra coordinadora, quedamos fondamente impactados por esta charla na que tanto aprendemos sobre o respecto ás mulleres, sobre a necesidade de identificar claramente as formas de explotación sexual, sobre a necesidade de coñecer realmente de maneira directa de que estamos a falar cando falamos de prostitución: que significa para unha persoa ser prostituída, que significa para unha persoa pensar que pode mercar a outra persoa. Fomos moi poucas persoas as que asistimos a aquel acto e consideramos que o que alí escoitamos debería ser escoitado polo maior número de xente posible polo importante que nos parece para formarnos como persoas e para reflexionar sobre o mundo que nos rodea. Por iso, en canto tivemos a sorte de ser premiados este verán co premio Ernestina Otero vimos claro que nos gustaría traer de novo a Amelia e organizar un acto para que chegase ao maior número de alumnado posible, non só no noso centro, senón de todos os centros de Pontevedra que teñan interese en asistir.

Así, dende NeoFem LuisSeoane, comprácenos poñernos en contacto con vostedes para convidalos a participar na actividade que temos programada o próximo 7 de Febreiro no Teatro Principal de Pontevedra, de 10 a 13:30 da mañá. Contaremos coa presenza de Amelia Tiganus de novo, quen nos

explicará desde a súa vivencia persoal como vítima da trata e do sistema prostitucional, a súa activa defensa do abolicionismo. Tamén teremos aquí a Towanda Rebels, activistas do feminismo que nos axudan a coñecer cunha linguaxe próxima valores e conceptos básicos de cómo funciona o sistema patriarcal. Contaremos tamén coa presenza da Asociación XTodas, unha asociación de axuda a vítimas da violencia machista en Vilagarcía de Arousa que para nós son moi especiais. Esther Villa Apico, integrante e fundadora da asociación, axudounos a entender o importante que para as vítimas é a presenza e o apoio de grupos como o noso. Plantexamos esta actividade orientada a alumnado a partir dos 15 anos de idade, aínda que tamén queremos abrila a todo tipo de público interesado, docentes e familias.

Gustaríanos de corazón poder compartir con vós esta experiencia, polo que vos convidamos a asistir a este acto.

Dado o aforo limitado do espazo onde imos celebrar este encontro agradeceríamos nos fagades saber, a través do formulario adxunto na seguinte ligazón, o alumnado interesado en asistir.

https://docs.google.com/forms/d/1rYOEREdSQL-K4jFk4auxnnTW1NDSBBKl3FfWBoG_gEg/edit

Agardando que sexa do voso interese, quedamos á vosa disposición a través do noso correo electrónico: neofemluisseoane@gmail.com ou no teléfono 658 50 17 58.

Atentamente,
NeoFem Luis Seoane

Carmen R. Mayán
Profesora
coordinadora de
NeoFem LuisSeoane

Secretario de NeoFem
LuisSeoane

Cintia Leins Freire
Presidenta de
NeoFem LuisSeoane

Pablo Abelleira
Acebedo